




Informes e enquisas propios do SGC

Facultade de Bioloxía



Historial de revisións

Número	Data	Modificacións
01	25/01/2018	Versión 01
02	28/04/2021	Versión 02
03	23/05/2025	Versión 03

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Adaptado por	Comisión de Calidade do Centro	23/05/2025
Aprobado por	Xunta de centro	06/06/2025
Aprobado por	Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno	23/06/2025

ÍNDICE

	Páxina
1.- NIVEL GRAO	1
1.1.- ENQUISA DE PERFIL DE INGRESO E INFORME	2
1.2.- ENQUISA DE CALIDADE DOCENTE E INFORME	5
1.3.- INFORME DE COORDINACIÓN VERTICAL	9
1.4.- INFORME SOBRE MATERIAS CON BAIXA TAXA DE SUPERACIÓN RECURRENTE	11
1.5.- INFORME SOBRE MATERIAS QUE CONDICIONAN A DEFENSA DO TFG	12
1.6.- INFORME DE ABANDONO	13
1.7.- ENQUISAS E INFORMES SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO TFG	14
1.8.- ENQUISAS E INFORMES SOBRE O DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS EXTERNAS	21
2.- NIVEL MESTRADO	25
2.1.- ENQUISA E INFORME DAS MATERIAS	26
2.2.- ENQUISA DO MESTRADO	28
2.3.- ENQUISA DE PRÁCTICAS EXTERNAS (EN EMPRESA) NO MESTRADO	30
3.- NIVEL FACULTADE	32
3.1.- EQUIPAMIENTO DE AULAS, LABORATORIOS E PRÁCTICAS DE CAMPO	33
3.2.- INFORME DOS RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS	34

1.- Nivel Grao

1.1.- ENQUISA DE PERFIL DE INGRESO E INFORME

Manual de Procesos do SGC	PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación
Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro/Coordinador do título
Grupos de interese	Estudantado e profesorado
Métodoloxía	Enquisa ao estudantado de primeiro curso dos Graos de Bioloxía, Biotecnoloxía e do Dobre Grao de Química-Bioloxía no acto de presentación e informe
Motivación:	É necesario poder coñecer cal é o perfil de acceso ao Grao en referencia ao rendemento académico na proba de acceso á universidade e no bacharelato (materias, notas, etc.). O coñecemento desta información permitirá recoñecer carencias formativas, e será a base dos programas formativos e de reforzo dos estudos. Dada a alta taxa de abandono compre coñecer, cando non somos a primeira opción, cal foi ista.
Calendario de elaboración:	A principios de setembro, a enquisa pásase e recóllese no acto de acollida aos correspondentes estudos de Grao. O informe elaborase en setembro-novembro.
Contidos do informe:	<ul style="list-style-type: none"> • Portada: Conterá o título do informe, o título de grao, o ano académico, e a data de aprobación da Comisión de Título do Grao e da Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía. • Presentación e obxectivo do informe: O/a responsable de elaborar o informe fará unha presentación e indicará o propósito do informe. • Contido do informe: <ul style="list-style-type: none"> ○ Alumnos/as de nova matrícula ○ Procedencia académica do estudantado ○ Probas de acceso a Universidade (ingreso) ○ Materias elixidas e rendemento nas mesmas ○ Nota de acceso (ABAU) ○ Elección de Grao e Universidade (ingreso) • Conclusións e recomendacións: Breve resumo onde se indiquen as conclusións do informe e as principais recomendacións realizadas dende coordinación á Comisión de Calidade do Centro. • Anexos: Información adicional relevante.

ENQUISA PERFIL DE INGRESO

1) Nota da ABAU de acceso ao Grao de :

2) Modalidade de bacharelato cursada (LOMLOE):

- Bacharelato xeral: ____
- Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía: ____
- Outros (especificar): ____

3) Materias cursadas en Bacharelato (contesta Si/Non no espazo adxacente): **CIENCIAS E TECNOLOXÍA:**

	SI/NON
MATERIAS DE MODALIDADE OBRIGATORIAS	
Matemáticas I (1º bacharelato)	
Matemáticas Aplicadas a las CCSS I (1º bacharelato)	
Matemáticas Xeráis (1º bacharelato)	
Matemáticas II (2º bacharelato)	
Matemáticas Aplicadas a las CCSS II (2º bacharelato)	
Ciencias Xeráis (2º bacharelato)	
MATERIAS DE MODALIDADE ELIXIBLES	
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais (1º bacharelato)	
Física e Química (1º bacharelato)	
Bioloxía (2º bacharelato)	
Física ((2º bacharelato)	
Xeoloxía e Ciencias Ambientais (2º bacharelato)	
Química (2º bacharelato)	

3) Materia obrigatoria de modalidade da que te examinaches na ABAU, e inclúe a nota que obtiveches, se te acordas ou a podes consultar:

	SI/NON (NOTA)
Matemáticas II (2º bacharelato)	

Matemáticas Aplicadas a las CCSS II (2º bacharelato)	
Ciencias Xeráis (2º bacharelato)	
Química (2º bacharelato)	

4) Que materias escolliches para a fase voluntaria da ABAU? (inclúe a nota que obtiveches, se te acordas ou a podes consultar, na paréntese):

.....(.....)

.....(.....)

.....(.....)

.....(.....)

5) Cal foi a túa orde de prelación dos graos que escolliches e en que universidade?

Opción	Grado	Universidade
Primeira		
Segunda		
Terceira		
Cuarta		

1.2.- ENQUISA DE CALIDADE DOCENTE E INFORME

Manual de Procesos do SGC	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas
Responsable:	Comisión de Calidade do Centro e Coordinador do Título
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro / Coordinador/a de Grao
Grupos de Interese	Estudiantado e profesorado
Metodoloxía	Enquisa e informe
Motivación:	É necesario poder coñecer a opinión dos alumnos e profesorado para as distintas materias respecto ao cumprimento da programación docente e á súa planificación, do sistema de avaliación, da utilidade das diferentes actividades e do nivel de solapamento con outras materias no mesmo curso nos graos impartidos na facultade. Do mesmo xeito, compre coñecer se o traballo non presencial se axusta ou non aos créditos ECTS.
Calendario de elaboración:	A enquisa pásase ao finalizar cada semestre do curso. Cos datos elabórase un informe de coordinación por semestre. Ditos informes elabóranse en: marzo-abril do curso ao que se refire o informe (1º semestre) e setembro-outubro do curso seguinte ao do informe (2º semestre).
Contidos do informe:	<ul style="list-style-type: none"> • Portada: Conterá o título do informe, o título de grao, o semestre, o ano académico, os nomes dos responsables da coordinación e a data de aprobación da Comisión de Título do Grao e da Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía. • Presentación e obxectivo do informe: O/a responsable de elaborar o informe fará unha presentación e indicará o propósito do informe. • Análise por curso: Neste apartado describirase as actividades de coordinación realizadas en cada semestre en cada curso do grao polos coordinadores de curso. Constará dos seguintes apartados: a) Información recollida a traves da enquisa ao estudiantado; b) información recollida da reunión cos/as delegados de curso; c) información recollida da reunión co profesorado das materias. A información recollida no apartado a) soamente incidirá sobre problemas relacionados con cuestións de coordinación horizontal. Empregará a información recollida pola enquisa de coordinación horizontal do estudiantado (ver a continuación) e servirá para identificar problemas na docencia de cada materia, incidindo no cumprimento da memoria de título, programación docente, planificación, cumprimento e utilidade das diferentes actividades docentes, solapamentos nos contidos ou actividades realizadas entre materias do mesmo curso, percepción da utilidade da materia para a formación do estudiantado, axuste aos créditos ECTS/carga de traballo, ou participación do estudiantado nas enquisas propias do centro, observacións feitas polo estudiantado (sempre que sexan coincidentes en un N° > de dúas persoas),etc. Tamén incluírá unha valoración

de cada pregunta da enquisa e unha valoración global por materia. A información do apartado **b)** describirá os nomes dos asistentes as reunións (p. ex., delegados/as, coordinador de curso), os canles de comunicación empregados (p. ex., plataformas dixitais, correos electrónicos, reunións presenciais) e os documentos de traballo (de habelos), así como toda as incidencias relevantes acontecidas durante o semestre. A información do apartado **c)** describirá os nomes dos asistentes as reunións (coordinador de curso, coordinadores de materia, etc), os canles de comunicación empregados, os documentos de traballo (de habelos), os resultados da enquisa pasada aos coordinadores de materia (ver a continuación) e información adicional si a houbera.

- **Conclusións e recomendacións sobre posibles accións de mellora:** Este apartado indicará os problemas detectados máis salientables e as principais conclusións acadadas, así como as medidas (accións de mellora) que se van recomendar á Comisión de Título e a Comisión de Calidade do Centro para a elaboración do Plan de Acción. Tamén avalíaranse as medidas implementadas no ano previo.
- **Anexos:** Información adicional relevante.

ENQUIZA DE CALIDADE DOCENTE NOS GRAOS: ESTUDANTADO
CURSO 20__-__. Xº CUADRIMESTRE. Xº CURSO DO GRAO EN _____

IMPORTANTE: MARCA O TEU GRUPO DE DOCENCIA EXPOSITIVA → A B

Na táboa que segue a continuación podes valorar os seguintes apartados desta enquisa. A escala de valoración vai dende **0-3**. Indica **0** cando a pregunta non proceda.

Apartados da enquisa:

- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse á guía docente (1: Pouco; 2: Bastante; 3: Moito).
- 2.- O temario impartido axústase ao programa (1: Pouco; 2: Bastante; 3: Moito).
- 3.- O temario impartido é redundante con outras materias do mesmo (ou diferente) curso (1: Moito; 2: Bastante; 3: Pouco).
- 4.- As clases prácticas (laboratorio/ordenador/problemas/exercicios) foron útiles (1: Pouco; 2: Bastante; 3: Moito).
- 5.- Os seminarios foron útiles (1: Pouco; 2: Bastante; 3: Moito).
- 6.- Creo que a docencia da materia mellorou a miña formación (1: Pouco; 2: Bastante; 3: Moito).
- 7.- Creo que o esforzo e dedicación que esixe a materia foi (1: Baixo; 2: Medio; 3: Elevado).
- 8.- Cantas horas semanais de traballo persoal ao longo do cuadrimestre son necesarias para a superación da materia? (1: <3 horas; 2: 3-6 horas; 3: >6 horas).

Os recadros en negro indican que non existe dita actividade na materia.	MATERIA 1	MATERIA 2	MATERIA 3	MATERIA 4	MATERIA 5	MATERIA 6	MATERIA 7	MATERIA 8	MATERIA 9	MATERIA 10
Apartado 1										
Apartado 2										
Apartado 3										
Apartado 4										
Apartado 5										
Apartado 6										
Apartado 7										
Apartado 8										
Apartado 9										
Apartado 10										
Observacións e suxerencias POR ORDE DE PRIORIDADE; podes empregar o reverso do folio tamén para engadir máis observacións, e incluír suxerencias de preguntas para próximas enquisas:										

ENQUIZA DE CALIDADE DOCENTE NOS GRAOS: PROFESORADO
CURSO 20__-__. Xº CUADRIMESTRE. Xº CURSO DO GRAO EN _____

Coordinador/a no curso 20__/20__: _____

Outro profesorado: _____.

Fixéronse cambios na guía docente no curso __/__? Si Non

No caso de resposta afirmativa, por favor, conteste ás preguntas seguintes:

Cal foi a xustificación dos cambios? R: _____

Relacionáronse cos resultados do informe de coordinación previo? R: _____

EN RELACIÓN AO INFORME ACTUAL:

Á luz do presente informe, conseguíronse os cambios desexados? R: _____

Fixéronse cambios no profesorado ou no reparto da docencia entre o mesmo que puideran afectar aos resultados? R: _____

Cómo valora a percepción da materia por parte do estudantado? R: _____

Cómo valora a percepción da materia por parte das representantes do estudantado? R:

Á luz do presente informe, que melloras cre que se poden introducir na materia/guía docente para sucesivos cursos? R: _____

Detecta algún problema nesta materia? R: _____

Se quere engadir algo máis, por favor, fágao a continuación: R: _____

1.3.- INFORME DE COORDINACIÓN VERTICAL

Manual de Procesos do SGC	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas
Grupos de Interese	Estudiantado e profesorado
Metodoloxía	Informe
Motivación:	A elaboración anual dun informe de coordinación vertical para os graos impartidos na facultade é esencial para mellorar a comunicación, identificar problemas e implementar solucións efectivas, garantindo así a coherencia e a calidade dos programas académicos, promovendo a colaboración entre o PDI e o estudiantado, e adaptando os contidos ás necesidades cambiantes da comunidade académica.
Calendario de elaboración:	O Coordinador do Grao fará un informe de coordinación vertical en cada curso académico. O informe elabórase en novembro-dembro do curso seguinte ao que se refire o informe, unha vez se teñan os datos e os informes dos dous semestres da enquisa de calidade docente (1.2.)
Contidos do informe:	<ul style="list-style-type: none"> • Portada: Conterá o título do informe, o título de grao, o semestre, o ano académico, os nomes dos responsables da coordinación e a data de aprobación da Comisión de Título do Grao e da Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía. • Presentación e obxectivo do informe: Esta sección presentará o informe e indicará o seu propósito. • Descrición do Grao: Sección constante, con actualizacións menores se hai cambios nos programas. • Reunións realizadas: Esta parte describirá os nomes dos asistentes as reunións, os canles de comunicación empregados (p. ex., plataformas dixitais, correos electrónicos, reunións presenciais) e os documentos de traballo (de habelos). • Identificación de problemas de coordinación vertical: Esta parte do informe soamente recollerá problemas relacionados con cuestións de coordinación vertical. A información recabarase a través dunha reunión anual de coordinación vertical, na que estarán presentes o/a coordinador do grao e os/as catro coordinadores/as de curso por unha parte, en representación do PDI, e os alumnos/as delegados/as de cada nivel académico en representación do estudiantado, de xeito que se promova a integración e colaboración entre ambos colectivos. A reunión realizarase antes de finalizar o período lectivo do segundo semestre para recoller os problemas relacionados con cuestións de coordinación vertical ao longo do ano.. Este apartado servirá para identificar os problemas detectados e incidirá nos seguintes puntos: a) de existir, seguimento de actividades formativas que poidan desenvolverse entre materias de diversos cursos, como poden ser prácticas de campo ou laboratorio compartidas; b) inconsistencias ou solapamentos nos contidos e actividades realizadas entre materias de diferentes niveis; c) identificación de problemas na progresión lóxica e coherente de contidos ao longo dos catro cursos do título; d) baixa participación do PDI e estudiantado nas enquisas propias do centro ou da universidade; e)

identificación de necesidades de formación ou de actividades que poidan promoverse entre estudiantado de diferentes cursos.

- **Conclusións e recomendacións sobre posibles accións de mellora:** Este apartado indicará os problemas detectados máis salientables e as principais conclusións acadadas, así como as medidas (accións de mellora) que se van recomendar á Comisión de Título e a Comisión de Calidade do Centro para a elaboración do Plan de Acción. Tamén avalíaranse as medidas implementadas no ano previo.
- **Anexos:** Información adicional relevante.

1.4.- INFORME SOBRE MATERIAS CON BAIXA TAXA DE SUPERACIÓN RECURRENTE

Manual de Procesos do SGC	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas
Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro e Coordinador do Título
Grupos de interese	Estudantado e Profesorado
Metodoloxía	Recollida e análise de información (Xescampus e ACMP)
Motivación:	A taxa de graduación (indicador IN37) é a porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos no tempo previsto ou nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada. Aínda que actualmente as memorias dos títulos de Grao non inclúen resultados previstos de taxa de graduación, cómpre elaborar un informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente para identificar as materias que reducen dita taxa de graduación (IN37) así como outros indicadores tales como as taxas de abandono (IN40, IN41), taxa de avaliación (IN36), duración media dos estudos (IN38), taxa de eficiencia de egresados (IN53), taxas de éxito (IN35, IN50), taxa de rendimento (IN34), satisfacción dos egresados coa titulación (IN42) ou satisfacción do estudantado coa docencia recibida (IN48).
Calendario de elaboración:	O informe elabórase en setembro-outubro do curso seguinte ao correspondente ao informe.
Contido:	

O informe constará dos seguintes apartados: **a)** Introducción; **b)** taxas de superación, incluíndo resultados xerais do título, por curso e por materia; **c)** problemática xerada e sistema de alarma temperá, un criterio obxectivo para a detección das materias que, de forma recorrente, se atopan entre as que contan con menores taxas de superación. **O sistema de alarma temperá activase cando unha materia obtivera valores de taxa de superación inferiores ao 65% durante dous cursos consecutivos**. Nestes casos, o profesorado e o departamento responsable da docencia serán informados, e se lles solicitará que apliquen medidas para corrixir as desviacións detectadas (revisar e analizar a planificación, metodoloxía e sistemas de avaliación docente), para garantir que o estudantado alcance os resultados da aprendizaxe esperados.

1.5.- INFORME SOBRE MATERIAS QUE CONDICIONAN A GRADUACIÓN

Manual de Procesos do SGC PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

Responsable: Comisión de Calidade do Centro

Grupos de interese Estudiantado e Profesorado

Metodoloxía Recollida e análise de información (Xescampus e ACMP)

Cargo responsable: Responsable de Calidade do Centro e Coordinador do Título

Motivación: A taxa de graduación (indicador IN37) é a porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos no tempo previsto ou nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada. Aínda que actualmente as memorias dos títulos de Grao non inclúen resultados previstos de taxa de graduación, cómpre elaborar un estudo das causas que poden incidir neste valor tan baixo. A finalización dos estudos ven marcada pola defensa do Traballo Fin de Grao (TFG). Por esta razón parece lóxico coñecer cales son as materias cuxa dificultade na súa superación atrasa a lectura do TFG, de forma que a duración dos estudos se alonga e, por tanto, diminúe a taxa de graduación e aumenta a duración media dos estudos.

Calendario de elaboración: O informe elabórase en setembro-outubro do curso seguinte.

Contido:

O informe constará dos seguintes apartados:

- **Portada:** Conterá o título do informe, o título de grao, o ano académico, e a data de aprobación da Comisión de Título do Grao e da Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía.
- **Presentación e obxectivo do informe:** O/a responsable de elaborar o informe fará unha presentación e indicará o propósito do informe.
- **Contido do informe.** Estúdanse as materias nas que se repite matrícula xunto co TFG, para os alumnos/as repetidores do mesmo. Só se teñen en conta materias necesarias para defender o TFG; algúns alumnos/as matricúlanse de materias optativas cando repiten para ampliar a súa formación, pero estas non son necesarias para a súa graduación e polo tanto deixanse fóra do estudo. Nalgunhas ocasións os alumnos/as que necesitan unha única optativa para completar os créditos matriculanse de dúas de elas (para ampliar a súa formación e seguramente para asegurar o aprobado nunha das mesmas). Ao non poder discernir cal destas é a necesaria inclúense as dúas materias.
- **Conclusións e recomendacións:** Breve resumo onde se indiquen as conclusións do informe e as principais recomendacións realizadas dende coordinación á Comisión de Título e a Comisión de Calidade do Centro. O profesorado e o departamento responsable da docencia serán informados, e se lles solicitará que apliquen medidas para corrixir o problema detectado e garantir que o estudiantado poida presentar o TFG.
- **Anexos:** Información adicional relevante.

1.6.- INFORME DE ABANDONO

Manual de Procesos do SGC	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas
Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro e Coordinador do Título
Grupos de Interese	Estudantado e Profesorado
Metodoloxía	Análise da información obtida en Xescampus e ACMP
Motivación:	A taxa de graduación (indicador IN37) é a porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos no tempo previsto ou nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada. Aínda que actualmente as memorias dos títulos de Grao non inclúen resultados previstos de taxa de graduación, manter unhas taxas de abandono baixas é crucial para obter unha taxa de graduación elevada. Se a taxa de abandono é alta é difícil alcanzar un obxectivo ambicioso da taxa de graduación. Por este motivo no presente informe téntase abordar cales son as causas dos abandonos.
Calendario de elaboración:	O informe faise en setembro-outubro
Contido:	O informe realizarase para título de grao impartido na facultade e constará das seguintes partes: a) Portada: Conterá o título do informe, o título de grao, o ano académico, e a data de aprobación da Comisión de Título do Grao e da Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía; b) Presentación e obxectivo do informe: O/a Coordinador/a do grao fará unha presentación e indicará o propósito do informe; c) Abandono real, indicando o destino dos estudantes a través do seguimento individual de cada alumno/a en Xescampus (cambio de estudos na USC a outros Graos ou traslado de expedientes) ou outras fontes; d) Conclusións e recomendacións: Breve resumo onde se indiquen as conclusións do informe e as principais recomendacións realizadas dende coordinación á Comisión de Calidade do Centro; e) Anexos: Información adicional relevante.

1.7.- ENQUISAS E INFORMES SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO TFG

Manual de Procesos do SGC	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas
Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro e Coordinador do Título
Grupos de interese	Estudantado e profesorado
Motivación:	É necesario poder coñecer a opinión do estudantado sobre o desenvolvemento do TFG, tanto en relación ao papel do/a titor/a e do estudante, a cuestións administrativas e/ou académicas, e a adquisición de destrezas/habilidades durante a realización do mesmo. O coñecemento desta información permitirá recoñecer dificultades, si existiran, e buscar solucións as mesmas.
Calendario de elaboración:	O estudantado cubre a enquisa unha vez finalizado o TFG. Cos datos elaborárase un informe. O informe faise en setembro-outubro
Contido:	As enquisa que se amosan a continuación.

ENQUIZA TFG DO GRAO EN BIOLOXÍA

CURSO ACADÉMICO E CONVOCATORIA: **Curso**

TIPO DE TFG: Bibliográfico Investigación Outros, especificar ,

.....

NS/NC (0), MOI DEFICIENTE OU TOTALMENTE EN DESACORDO (1), NORMAL OU TÉRMO MEDIO (2), EXCELENTE OU TOTALMENTE DE ACORDO (3)

	0	1	2	3
SOBRE O TFG E O PAPEL DO/A TITOR/A				
Os obxectivos do TGF estaban ben definidos e en consonancia cos coñecementos e as competencias do Grao en Bioloxía				
A accesibilidade do/a titor/a foi adecuada				
O/ titor/a asesoroume en todas as etapas da realización do TFG: elección de métodos ou estratexias, identificación/planificación de tarefas, resolución de problemas técnicos, obtención de datos, análises, realización de memoria e fase de defensa				
Os recursos instrumentais e económicos para realizar o TFG foron suficientes para cubrir os obxectivos marcados				
Nas actividades realizadas no campo e/ou no laboratorio estiven acompañado polo titor/a ou por algún membro do equipo				
SOBRE CUESTIÓNS ADMINISTRATIVAS E/OU ACADÉMICAS				
A información pública existente sobre a oferta de TFG é suficiente e está expresada claramente.				
A oferta de TFGs é diversa e inclúe temas das distintas áreas de coñecemento				
A información contida na web ou a atención (e información) recibida a través do persoal administrativo en canto a trámites (normativa, prazos, documentos a entregar, etc) ou resolución de dúbidas relativas ao TFG foi adecuada e con antelación suficiente				
A atención (e información) recibida polo/a coordinador/a do TFG do Grao de Bioloxía relativos ao TFG foi adecuada				
Durante o TFG servíronme de utilidade os coñecementos adquiridos no Grao en en Biología				
SOBRE O PAPEL DO/A ESTUDIANTE NO TFG				
Excluindo o dedicado ás materias obrigatorias e optativas do Grao, o resto do tempo dediqueime en exclusiva á realización do meu TFG				
Tiven un elevado grao de autonomía durante a realización do TFG				

Mantiven informado ao titor/a sobre o progreso do TFG e deixei constancia por escrito das miñas actividades no grupo				
O TFG realizado axústase aos créditos que se lle recoñecen				
A realización do TFG mellorou a miña formación e capacitación como biólogo/a				
Globalmente estou satisfeito có TFG que realicei				
Cualifica o nivel de esforzo e dedicación que che esixiu o teu TFG: 0, NS/NC; 1, baixo; 2, medio; 3, alto				
Cualifica o número de horas de traballo que che esixiu o TFG: 0, NS/NS; 1, < 6 ECTS; 2, ≈ 6 ECTS; 3, > 6 ECTS				

EN RELACIÓN ÁS HABILIDADES/DESTREZAS, VALORA O SEU GRAO DE POSTA EN PRÁCTICA

H/D01: Aplicar de forma integrada los conocimientos teóricos-prácticos adquiridos en la transmisión de información/ideas y en el planteamiento y resolución de problemas, tanto en contextos académicos como profesionales				
H/D02: Saber obtener e interpretar información relevante y resultados experimentales y obtener conclusiones en temas relacionados con la Biología				
H/D03: Estudiar y aprender de forma autónoma, con organización de tiempo y recursos, nuevos conocimientos y técnicas en Biología				
H/D04: Proponer, aplicar e interpretar modelos matemáticos y métodos estadísticos en el ámbito de la Biología				
H/D05: Desarrollar la capacidad de obtener, manejar, conservar, identificar y clasificar especímenes biológicos, así como sus restos y rastros				
H/D06: Saber describir, analizar e interpretar el medio físico y su relación con los seres vivos				
H/D07: Capacidad para buscar, procesar, analizar y sintetizar información procedente de diversas fuentes, incluyendo el empleo de TICs en el ámbito de la Biología				
H/D08: Capacidad para el razonamiento, la argumentación y el pensamiento crítico				
H/D09: Capacidad para organizar y planificar el trabajo				
H/D10: Capacidad para trabajar en grupo y abarcar situaciones problemáticas de manera colectiva				

H/D11: Capacidad para elaborar y presentar un texto organizado y comprensible, reflejando adecuadamente las fuentes de información empleadas				
H/D12: Capacidad para realizar una exposición en público de forma clara, concisa y coherente				
H/D13: Mantener un compromiso ético, así como un compromiso con la igualdad y la integración.				
H/D14: Iniciativa, creatividad, espíritu emprendedor y adaptación a nuevas situaciones (resiliencia).				

OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS, POR ORDE DE PRIORIDADE; tamén podes suxerir preguntas a incluir na enquisa.

ENQUISA TFG DO GRAO EN BIOTECNOLOXÍA.

CURSO ACADÉMICO E CONVOCATORIA: **Curso**

TIPO DE TFG: Bibliográfico Investigación Outros, especificar ,

.....

NS/NC (0), MOI DEFICIENTE OU TOTALMENTE EN DESACORDO (1), NORMAL OU TÉRMO MEDIO (2), EXCELENTE OU TOTALMENTE DE ACORDO (3)

	0	1	2	3
SOBRE O TFG E O PAPEL DO/A TITOR/A				
Os obxectivos do TGF estaban ben definidos e en consonancia cos coñecementos e as competencias do Grao en Biotecnoloxía				
A accesibilidade do/a titor/a foi adecuada				
O/ titor/a asesoroume en todas as etapas da realización do TFG: elección de métodos ou estratexias, identificación/planificación de tarefas, resolución de problemas técnicos, obtención de datos, análises, realización de memoria e fase de defensa				
Os recursos instrumentais e económicos para realizar o TFG foron suficientes para cubrir os obxectivos marcados				
Nas actividades realizadas no campo e/ou no laboratorio estiven acompañado polo titor/a ou por algún membro do equipo				
SOBRE CUESTIÓNS ADMINISTRATIVAS E/OU ACADÉMICAS				
A información pública existente sobre a oferta de TFG é suficiente e está expresada claramente.				
A oferta de TFGs é diversa e inclúe temas das distintas áreas de coñecemento				
A información contida na web ou a atención (e información) recibida a través do persoal administrativo en canto a trámites (normativa, prazos, documentos a entregar, etc) ou resolución de dúbidas relativas ao TFG foi adecuada e con antelación suficiente				
A atención (e información) recibida polo/a coordinador/a do TFG do Grao de Biotecnoloxía relativos ao TFG foi adecuada				
Durante o TFG servíronme de utilidade os coñecementos adquiridos no Grao en Biotecnoloxía				
SOBRE O PAPEL DO/A ESTUDIANTE NO TFG				
Excluindo o dedicado ás materias obrigatorias e optativas do Grao, o resto do tempo dediqueime en exclusiva á realización do meu TFG				
Tiven un elevado grao de autonomía durante a realización do TFG				

Mantiven informado ao titor/a sobre o progreso do TFG e deixei constancia por escrito das miñas actividades no grupo				
O TFG realizado axústase aos créditos que se lle recoñecen				
A realización do TFG mellorou a miña formación e capacitación como biotecnólogo/a				
Globalmente estou satisfeito có TFG que realicei				
Cualifica o nivel de esforzo e dedicación que che esixiu o teu TFG: 0, NS/NC; 1, baixo; 2, medio; 3, alto				
Cualifica o número de horas de traballo que che esixiu o TFG: 0, NS/NS; 1, < 6 ECTS; 2, ≈ 6 ECTS; 3, > 6 ECTS				

EN RELACIÓN ÁS HABILIDADES/DESTREZAS, VALORA O SEU GRAO DE POSTA EN PRÁCTICA:

H/D01: Pensar de forma integrada e abordar os problemas desde diferentes perspectivas con razoamento crítico.				
H/D02: Buscar, procesar, analizar/interpretar e sintetizar información e resultados relevantes procedentes de diversas fontes e obter conclusións en temas relacionados coa Biotecnoloxía.				
H/D03: Organizar e planificar o seu traballo.				
H/D04: Interpretar resultados experimentais e identificar elementos consistentes e inconsistentes.				
H/D05: Traballar en equipo.				
H/D06: Manter un compromiso ético, así como un compromiso coa igualdade e a integración.				
H/D07: Iniciativa, espírito emprendedor e adaptación a novas situacións (resiliencia).				
H/D08: Liderado e dirección de equipos.				
H/D09: Saber identificar os distintos tipos de virus, microorganismos e tecidos animais e vexetais con aplicación no campo da Biotecnoloxía.				
H/D10: Saber analizar datos e interpretar resultados experimentais propios dos ámbitos de Biotecnoloxía.				
H/D11: Comprender e saber aplicar os principios físico-químicos dos procesos biolóxicos con aplicación en Biotecnoloxía, así como as principais ferramentas utilizadas para investigalos.				
H/D12: Saber aplicar as técnicas instrumentais e os protocolos de traballo nun laboratorio, aplicando as normativas e técnicas relacionadas con seguridade e hixiene, xestión de residuos e calidade.				
H/D13: Saber obter e interpretar información das principais bases de datos (biolóxicas, ómicas, bibliográficas) e empregar ferramentas bioinformáticas.				

<p>H/D14: Saber analizar e deseñar procesos industriais biotecnolóxicos e aplicalos á mellora de procesos e produtos con criterios de sustentabilidade e xestión da calidade.</p>				
--	--	--	--	--

OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS, POR ORDE DE PRIORIDADE; tamén podes suxerir preguntas a incluír na enquisa.

1.8.- ENQUISAS E INFORMES SOBRE O DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS EXTERNAS

Manual de Procesos do SGC	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas
Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro e Coordinador do Título
Grupos de interese	Estudantado e profesorado
Motivación:	É necesario poder coñecer a opinión do estudantado e titores externos sobre o desenvolvemento das prácticas externas, tanto en relación ao cuestión de titorización e/ou académicas, e adquisición de habilidades/destrezas. O coñecemento desta información permitirá recoñecer dificultades, si existiran, e buscar solucións as mesmas.
Calendario de elaboración:	O estudantado e os titores externos cubren sendas enquisas unha vez finalizadas as prácticas externas. Cos datos elaborárase un informe en setembro-outubro do curso seguinte. De acordo co criterio adoptado, que funciona a modo de alarma temperá, deberá prestarse atención sobre aquelas prácticas que, durante dous anos consecutivos, amosen puntuacións globais do estudantado inferiores ao percentil do 10% para todas as prácticas desde que se empezou a impartir a titulación.
Contido:	As enquisa que se amosan a continuación.

Cuestionario de Satisfacción do alumno Prácticas Externas do Grao

A TÚA OPINIÓN É IMPORTANTE

Valora de 1 a 5, de menor a maior grao de satisfacción cos seguintes aspectos das prácticas externas realizadas

ENTIDADE: _____ Curso: _____

		1	2	3	4	5
APOIO RECIBIDO NA ENTIDADE/EMPRESA COLABORADORA						
RELACIÓN CO TITOR EXTERNO						
A MIÑA INTEGRACIÓN NA ENTIDADE/EMPRESA COLABORADORA						
AS TAREFAS REALIZADAS ESTÁN RELACIONADAS COA MIÑA TITULACIÓN						
ADQUIRÍN/MELLOREI AS MIÑAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS (COMUNICACIÓN, TRABALLO EN EQUIPO, ORGANIZACIÓN DO TEMPO,...)						
SATISFACIÓN XERAL COA PRÁCTICA REALIZADA						

OUTRAS OBSERVACIÓNS



FACULTADE DE BIOLOXÍA

Avaliación do alumno de Prácticas Externas Cuestionario para o titor da entidade colaboradora

En primeiro lugar queremos agradecer a súa colaboración por participar de forma activa no primeiro contacto co mercado laboral dos nosos estudantes universitarios. Con esta colaboración a súa entidade estase a converter nun dos axentes fundamentais para a futura incorporación dos nosos estudantes ao mundo laboral.

Para realizar a avaliación real necesitamos coñecer a súa opinión sobre o progreso do alumno no desenvolvemento da práctica, polo que solicitamos que cumprimente o seguinte cuestionario.

Este cuestionario debe ser confidencial e só utilizable polas persoas que han de avaliar aos alumnos. A avaliación final será completada cunha memoria feita polos alumnos sobre os traballos realizados no período de prácticas.

Dada a natureza académica das prácticas e a confidencialidade da avaliación pregámoslles que manden cumprimentado o *Cuestionario de Avaliación* directamente ao titor académico (a súa dirección de correo electrónico figura no Compromiso de prácticas).

IMPORTANTE:

Reflexione detidamente sobre cada unha das capacidades ou competencias recollidas no cuestionario e marque cunha X (de 0 a 10), tendo en conta que 0 é que non mostra ou non adquiriu esa competencia/capacidade e que 10 a mostra ou a adquiriu nun nivel excepcional. No caso que a capacidade/competencia non fora traballada deberá indicarse Non Procede (NP) e non será tida en conta na avaliación das prácticas.

Entidade colaboradora	
Nome do alumno	
Titor na entidade	
Fecha inicio e fin	
Breve descrición da práctica	

Avaliación	Non procede (NP)	Insuficiente (0 a 4)	Suficiente (5 a 6)	Notable (7 a 8)	Sobresaliente (9)	Excelente (10)
-------------------	------------------	----------------------	--------------------	-----------------	-------------------	----------------

CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN												
Competencia/Capacidad	NP	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
ASISTENCIA E PUNTUALIDADE												
RESPEITO POLAS NORMAS												
MOTIVACIÓN E INTERESE NO TRABALLO												
CAPACIDADE DE APRENDIZAXE												
BÚSQUEDA DE INFORMACIÓN AXEITADA E ACTUAL												
INICIATIVA E TOMA DE DECISIÓNS												
PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN DO TRABALLO PROPIO												
TRABALLO EN EQUIPO E COOPERACIÓN												
ADAPTABILIDADE A SITUACIÓNS E SOLUCIÓN DE PROBLEMAS												
CREATIVIDADE												
COÑECEMENTO DAS TÉCNICAS OU PROCEDEMENTOS PARA O TRABALLO												
MANEXO DE FERRAMENTAS (MAQUINARIA, APLICACIÓNS INFORMÁTICAS,...)												
SEGURIDADE PERSOAL E AUTOCONFIANZA												
COMUNICACIÓN ORAL												
COMUNICACIÓN ESCRITA												
OBSERVACIÓNS RELEVANTES PARA A AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS												

En _____, a _____ de _____ de 20____

Sinatura do/da titor/a do estudante na entidade colaboradora
Asdo:

2.- Nivel mestrado

2.1.- ENQUISA E INFORME DAS MATERIAS

Manual de Procesos do SGC	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas
Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro / Coordinador/a do mestrado
Grupos de Interese	Estudantado e profesorado de Mestrado
Metodoloxía	Enquisa
Motivación:	É necesario poder coñecer a opinión dos alumnos e profesorado para as distintas materias respecto ao cumprimento da programación docente e á súa planificación, da utilidade das diferentes actividades e do nivel de solapamento con outras materias nos mestrados impartidos na facultade. Do mesmo xeito, compre coñecer se o traballo non presencial se axusta ou non aos créditos ECTS.
Calendario de elaboración:	A enquisa ON-LINE faise ao remate de cada semestre nas diferentes sedes do mestrado. Cos datos elabórase o coordinador do mestrado elabora un informe en marzo-abril e setembro-novembro.
Contidos do informe:	<ul style="list-style-type: none"> • Portada: Conterá o título do informe, o título de mestrado, o ano académico, o semestre, o nome do/a responsable da coordinación e a data de aprobación da Comisión do Máster e da Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía. • Presentación e obxectivo do informe: Breve presentación e describirá o propósito do informe. • Análise por curso: Describirase as actividades de coordinación realizadas. Constará dos seguintes apartados: a) Información recollida a través da enquisa ao estudiantado; b) información recollida da reunión co(s)/a(s) delegado/a(s) dos estudiantado do máster; c) información recollida da reunión co profesorado das materias. O informe describirá os nomes dos asistentes as reunións, as canles de comunicación empregadas (p. ex., plataformas dixitais, correos electrónicos, reunións presenciais) e os documentos de traballo (de habelos). Este apartado servirá para identificar problemas na docencia de cada materia do mestrado, incidindo sobre todo no cumprimento da memoria de título, programación docente, planificación, cumprimento e utilidade das diferentes actividades docentes expositivas e interactivas, solapamentos nos contidos e actividades realizadas con outras materias do máster, percepción da utilidade da materia para a formación do estudiantado, axuste aos créditos ECTS/carga de traballo, ou participación do PDI e estudiantado nas enquisas, entre outros. • Conclusións e recomendacións sobre posibles accións de mellora: Este apartado indicará os problemas detectados máis salientables, as principais conclusións acadadas e as posibles medidas correctoras (accións de mellora) que se van recomendar á Comisión de Título e a Comisión de Calidade do Centro para a elaboración do Plan de Acción. Tamén avalíaranse as medidas implementadas no ano previo.

- **Anexos:** Información adicional relevante, como a copia da propia enquisa e datos detallados das respostas, proporcionando así unha visión clara e detallada da satisfacción do estudiantado coas materias do máster.

ENQUISA DAS MATERIAS

NOME DO MESTRADO _____

CURSO 20__ - __. Xº SEMESTRE

Na táboa a continuación, podes valorar os seguintes apartados da enquisa en relación as materias do mestrado seguindo o seguinte baremo: **1 (moi pouco), 2 (pouco), 3 (acceptable), 4 (bastante), 5 (moito)**. Indica **“0”** cando consideres que non é aplicable na materia.

Enquisa:

1. Grao de satisfacción coa **INFORMACIÓN** sobre a materia antes do seu comezo
2. Grao de satisfacción co axuste das actividades realizadas á **GUÍA DOCENTE**
3. Grao de satisfacción ca **PLANIFICACIÓN** e **DESENVOLVEMENTO** da materia
4. Grao de satisfacción cos **SEMINARIOS**, de selo o caso.
5. Grao de satisfacción coas **PRÁCTICAS**, de selo o caso.
6. Grao de satisfacción co **APOIO** e **ORIENTACIÓN** do profesorado (apoio tutorial, resolución de dúbidas, ...)
7. Grao de satisfacción cos **RECURSOS** dispoñibles (información en Teams/Dropbox, publicacións, textos...).
8. Grao de **ESFORZO/DEDICACIÓN** que esixe a materia
9. Grao de satisfacción ca **FORMACIÓN** acadada ao rematar a materia

Os recadros en negro indican que non existe dita actividade na materia.	MATERIA 1	MATERIA 2	MATERIA 3	MATERIA 4	MATERIA 5	MATERIA 6	MATERIA 7	MATERIA 8	MATERIA 9	MATERIA 10
Apartado 1										
Apartado 2										
Apartado 3										
Apartado 4										
Apartado 5										
Apartado 6										
Apartado 7										
Apartado 8										
Apartado 9										
Observacións e suxestións POR ORDE DE PRIORIDADE ; podes empregar o reverso do folio tamén para engadir máis observacións, e incluír suxerencias de preguntas para próximas enquisas:										

2.2.- ENQUISA DO MESTRADO

Manual de Procesos do SGC	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas
Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro / Coordinador/a do mestrado
Grupos de Interese	Estudantado e profesorado de Mestrado
Metodoloxía	Enquisa
Motivación:	Garantir que o programa do máster se adapte ás necesidades e expectativas dos estudantes. A través das respostas, poderase identificar áreas de mellora na distribución da carga de traballo, a complementariedade das prácticas e seminarios, a cobertura das materias optativas, e a satisfacción xeral coa planificación e os resultados do ensino. Esta información será crucial para mellorar continuamente a calidade educativa e asegurar que os estudantes reciban unha formación completa e relevante.
Calendario de elaboración:	A enquisa ON-LINE farase ao remate do mestrado. Cos datos o coordinador elaborará un informe en setembro-novembro.
Contidos do informe:	<ul style="list-style-type: none"> • Portada: Conterá o título do informe, o título de mestrado, o ano académico, o nome do/a responsable da coordinación e a data de aprobación da Comisión do Máster e da Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía. • Presentación e obxectivo do informe: Breve presentación e describirá o propósito do informe, que inclúa o contexto da enquisa e a metodoloxía empregada • Análise: Este bloque describirá os resultados obtidos en cada pregunta e unha análise interpretativa dos resultados, • Conclusións e recomendacións sobre posibles accións de mellora: Este apartado indicará os problemas detectados máis salientables e as principais conclusións acadadas, así como as medidas (accións de mellora) que se van recomendar á Comisión de Título e a Comisión de Calidade do Centro para a elaboración do Plan de Acción e mellorar o programa. Tamén avalíaranse as medidas implementadas no ano previo. • Anexos: Información adicional relevante, como a copia da propia enquisa e datos detallados das respostas, proporcionando así unha visión clara e detallada da satisfacción do estudantado co máster.

ENQUIZA DO MESTRADO

NOME DO MESTRADO _____

CURSO 20__-__. SEMESTRE: 1º 2º

Por favor sinala a opción correspondente

<p>1. A carga de traballo está ben distribuída nas materias deste semestre SI/NON. Si o consideras necesario, menciona casos particulares</p>
<p>2. As prácticas e os seminarios complementan os contidos teóricos e han sido instructivos. SI/NO Si lo consideras necesario menciona casos particulares</p>
<p>3. Las materias optativas cubren todos los aspectos necesarios para una especialización SI/NO Si lo consideras necesario indica otros aspectos que deban cubrirse</p>
<p>4. Grado de satisfacción con la planificación y el desarrollo de la enseñanza 0 1 2 3 4 5 Si lo consideras oportuno señala las deficiencias</p>
<p>5. Grado de satisfacción con los resultados del aprendizaje 0 1 2 3 4 5</p>

2.3.- ENQUISA DE PRÁCTICAS EXTERNAS (EN EMPRESA) NO MESTRADO

Manual de Procesos do SGC	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas
Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro / Coordinador/a do mestrado
Grupos de Interese	Estudantado e profesorado de Mestrado
Metodoloxía	Enquisa
Motivación:	Elaborar unha enquisa de satisfacción do estudantado coas prácticas externas dun mestrado é esencial para mellorar continuamente o programa, avaliar a calidade educativa, adaptar a formación ao mercado laboral, garantir a satisfacción dos estudantes e promover a transparencia e rendición de contas.
Calendario de elaboración:	O estudantado cubre a enquisa unha vez finalizadas as súas prácticas externas. Cos datos elaborárase un informe en xaneiro-febreiro.
Contidos do informe:	<ul style="list-style-type: none"> • Portada: Conterá o título do informe, o título de mestrado, o ano académico, o nome do/a responsable da coordinación e a data de aprobación da Comisión do Máster e da Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía. • Presentación e obxectivo do informe: Breve presentación e describirá o propósito do informe. • Análise: Describirase a información recollida a través da enquisa ao estudantado. Este apartado servirá para identificar problemas na materia de prácticas externas. Incidirá sobre cuestións como a oferta de prácticas externas no mestrado, procedemento de adxudicación, e grao de satisfacción coas prácticas en xeral, cos títulos/as de empresa e cos títulos/as académicos. Tamén reflectirá aquelas deficiencias detectadas indicadas polo estudantado. • Conclusións e recomendacións sobre posibles accións de mellora: Este apartado indicará os problemas detectados máis salientables e as principais conclusións acadadas, así como as medidas (accións de mellora) que se van recomendar á Comisión de Título e a Comisión de Calidade do Centro para a elaboración do Plan de Acción. Tamén avalíaranse as medidas implementadas no ano previo. • Anexos: Información adicional relevante, como a copia da propia enquisa e datos detallados das respostas, proporcionando así unha visión clara e detallada da satisfacción do estudantado coas prácticas do máster.

ENQUISA DE PRÁCTICAS EXTERNAS NO MESTRADO
NOME DO MESTRADO _____
CURSO 20__-__

Por favor, sinala a opción correspondente

<p>1. A oferta de centros para prácticas en empresa e iniciación á investigación é axeitada. SI/NON</p>
<p>2. O procedemento de adxudicación dos centros foi satisfactorio SI/NON</p>
<p>3. Indica o grao de satisfacción coas prácticas en empresa o á iniciación á investigación,. 0 1 2 3 4 5 Si o consideras oportuno, sinala as deficiencias</p>
<p>4. Indica o grao de satisfacción co titor de empresa/centro investigador. 0 1 2 3 4 5</p>
<p>5. Indica o grao de satisfacción co titor universitario. 0 1 2 3 4 5</p>

3.- Nivel Facultade

3.1.- EQUIPAMIENTO DE AULAS, LABORATORIOS E PRÁCTICAS DE CAMPO

Manual de Procesos do SGC	PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos
Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro
Grupos de Interese	Profesorado, estudantado e PAS
Metodoloxía	Inventario
Motivación:	Compre expoñer de xeito público o material e equipamento co que contan os laboratorios para desenvolver as actividades prácticas da titulación, así como do material que se dispón para as prácticas de campo. Tamén o material de seguridade e emerxencia.
Calendario de elaboración:	O informe faise en xaneiro-febreiro.
Contido:	Inventario actualizado do material e equipamento, a súa ubicación e o seu estado de conservación.

3.2.- INFORME DOS RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS

Manual de Procesos do SGC	PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos
Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro / Director/a da Biblioteca do Centro
Grupos de Interese	Profesorado, estudantado e PAS
Metodoloxía	Inventario
Motivación:	Compre expoñer de xeito público os fondos bibliográficos específicos para as titulacións impartidas no centro.
Calendario de elaboración:	O informe faise en xaneiro-febreiro.
Contido:	O informe constará de: 01) unha portada, onde indicárase que se trata do informe dos recursos bibliográficos da biblioteca da facultade de Bioloxía, o ano académico, e data de aprobación da Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía; 02) introducción ao informe; 03) fondo bibliográfico, incluíndo as % da bibliografía recomendada na guías docentes presentes nos fondos da Biblioteca da Facultade de Bioloxía, o Nº de exemplares desta bibliografía dispoñible <i>online</i> , os manuais solicitados polos docentes e o seu uso (nº de préstamos fóra de sala); 04) formación regrada e non regrada impartida dende a biblioteca da facultade; 05) equipamento; 06) redes sociais; 07) axenda 2030 – ODS.